

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 03/02/2020 14:33:52  
**SAIDA 1527/20**

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED], en representación da [REDACTED]  
[REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 159/2019**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], mediante escrito do 5 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación da [REDACTED] [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da Secretaría Xeral de Emprego da súa solicitude de acceso á información presentada ante a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, referida a documentos que consten na xestión da Xunta de Galicia e a [REDACTED].

O reclamante indicaba que se solicitou información sobre unha asociación de letrados públicos dentro da Xunta de Galicia da que non lles consta ningún dato sobre a mesma que é respondida pola Secretaría Xeral de Emprego que emite unha resolución que considera que incumpre a Lei, negando a información. A resolución emitida carece de calquera requisito

legal; N° de expediente, firma autorizada, fondo da solicitude, censura de datos solicitados, recursos etc.. Esta está asinada por alguén que non forma parte de ningún dos órganos que o artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece como os competentes para resolver, polo que hai que entender que non existe unha resolución. A resolución non indica si pon fin ou non a vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, e o órgano ante o que deberán presentarse e o prazo para interpoñelos.

Indica a resolución que a Asociación de letrados da Xunta de Galicia, ten depositados os seus estatutos na oficina pública de depósito de estatutos de asociacións sindicais e empresariais, da que remite un enlace web, no que ao intentar entrar aparece unha *ventana popul* que obriga a asinar a cesión de datos persoais para seguir na web, unha vez obrigados e cedidos os datos persoais, lle foi imposible acceder a ningún dato aos que se refire o oficio da Subdirectora de Relacións Laborais da Xunta.

Afirma a entidade reclamante que no Rexistro de Asociacións non existe ningunha asociación rexistrada para a consulta realizada. Non foi posible localizar ningún dos DOG ofrecidos e considera que se deron ordenes informáticas concretas para censuralos, ocultalos e que non se poida acceder a eles.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da contestación á súa solicitude por parte da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e de copia de diversa documentación que parece proceder de páxinas web.

**Segundo.** Con data 13 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 19 de novembro de 2019.

**Terceiro.** Con data 22 de xaneiro de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe da subdirección xeral de Relacións Laborais da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, indícase que a petición de información foi atendida só parcialmente pois non se puido atender o punto J, relativo á identificación das persoas físicas que representan e desempeñan cargos na devandita asociación profesional, dado que a norma específica que regula o depósito dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais, no seu artigo 23, establece que unicamente se expedirán as certificacións dos cargos a quen acredite ser representante legal da organización que solicita a certificación dos seus cargos. Así mesmo, tendo presente as garantías previstas na devandita norma, tamén se

tivo en conta que o Regulamento Europeo de Protección de Datos (Regulamento 2016/679/UE de 27 de abril) no seu artigo 9 inclúe dentro das categorías especiais de datos persoais os datos relativos á afiliación sindical.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a contestación emitida pola Subdirección Xeral de Relacións Laborais ten data do 31 de outubro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 6 de novembro de 2019, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### Quinto.- Análise do expediente

A asociación reclamante solicitou á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia documentación de distinta natureza, existente entre a Xunta de Galicia e a [REDACTED] e a [REDACTED], que se pode resumir na seguinte:

- 1) Subvencións e axudas públicas recibidas ou tramitadas
- 2) Os orzamentos entre a Xunta de Galicia e a Asociación profesional de letrados da Xunta de Galicia desde os anos 2013 ao 2019.
- 3) As contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control externo que sobre eles se emitiron, e as actas onde conste a aprobación das contas pola xunta xeral entre a Xunta de Galicia e a Asociación profesional de letrados da Xunta de Galicia dos anos 2013,2014,2015,2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020.
- 4) As retribucións percibidas anualmente pola súa Presidencia, Director e cargos de confianza, asesores, os seus cargos e vocais dos anos 2013,2014,2015,2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020 entre a Xunta de Galicia e a [REDACTED]
- 5) Copia das actas e convenios de acordos que afecten a terceiros dos anos dos anos 2013,2014,2015,2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020 entre a Xunta de Galicia e a [REDACTED]
- 6) Acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables entre a Xunta de Galicia e a Asociación profesional de letrados da Xunta de Galicia con cargo aos fondos públicos ou subvencións dos anos 2013,2014,2015,2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020.
- 7) Informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para publicidade e ingresos relacionadas entre a Xunta de Galicia e a [REDACTED] dos anos 2013,2014,2015,2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020
- 8) Inscripción da a [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 no rexistro de entidades públicas do Goberno español, Xunta ou órgano correspondente..
- 9) Acta constitutiva e copias dos DOG da [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 e previsión 2020 con máis incidencia na renovación dos seus cargos, nomeamentos, cesamentos.
- 10) Estatutos de cargos e identificación das persoas físicas que os representan: Presidente/a, Vicepresidentes, Secretario, Tesoureiro, Vocais, cargos de confianza, asesores, ...etc da [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 e previsión 2020 ..
- 11) Identificación dos membros que integran o Consello de administración da [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 e previsión 2020...

- 12) Listaxe de contas bancarias das que sexa titular da a [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 ou outros bens pertencentes á entidade, con copia do extracto e tarxetas, teléfonos móbiles, que houbese con cargo a fondos públicos subvencionados aos membros de confianza e asesores, vocais.
- 13) Copias dos contratos ou convenios entre a Xunta de Galicia e a [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 e previsión 2020 e a Xunta de Galicia.
- 14) Copias das actas, rexistros ou ordenes que identifiquen o autor do expediente nas que se lles negan os dereitos informativos e peticións de información pública existentes no expediente relacionado con estas peticións e identificación do funcionario responsable de trasladar a negativa.
- 15) Copias do contrato servizo informático da web <http://letradosdaxunta.cral> , custo, mantemento e copia da súa partida orzamentaria da [REDACTED] desde os anos 2013 ao 2019 e previsión do 2020.
- 16) Copia dos documentos públicos do web [REDACTED] dos anos 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020 no seu matriz da [REDACTED]

Trátase de documentación de carácter contractual, económico e referente a aspectos organizativos que poida existir entre a Asociación e a Xunta de Galicia. A única resposta que obtivo foi unha comunicación remitida pola Subdirección Xeral de Relacións Laborais na que unicamente se lle remite unha parte da información, en concreto a referente á inscrición da dita asociación na Oficina Pública de organizacións sindicais e empresariais.

Respecto ao resto da información solicitada, o interesado non obtivo resposta, sen que conste se por parte da Secretaría Xeral da Presidencia se solicitase aos restantes departamentos da Xunta de Galicia información sobre a existencia ou non dalgún tipo de relación contractual, económica ou de calquera outro tipo coa [REDACTED]. Non consta tampouco que a citada Secretaría Xeral abraza trámite de audiencia á [REDACTED] como entidade que puidese resultar afectada pola solicitude de acceso, tal e como establece o artigo 19.3 da Lei 1/2016.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia a remisión de informe e copia do expediente, solicitude que se remitiu á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Dentro da información solicitada pola asociación reclamante, esta Comisión descoñece que documentación está en poder da Administración, que información ou documentación non se pode cualificar como información pública por tratarse de información pertencente ao ámbito privado da Asociación, e en que medida a información que teña o carácter de pública, pode verse afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, e se procede, no seu caso, disocia-la para garantir o dereito de acceso a información non estritamente afectada polos límites (información parcial, art. 16 da Lei 19/2013).

De acordo co anterior, e por considerarse que a tramitación da solicitude de acceso prescindiu de trámites esenciais de procedemento, debe retrotraerse o expediente, solicitando información ao resto dos departamentos da Xunta de Galicia e ademais abrir trámite de audiencia á [REDACTED] cuxos dereitos e intereses poden verse afectados pola solicitude de acceso, valorar as alegacións que poidan presentar, examinar que parte da información solicitada é información pública e cal non ten tal carácter, e ditar resolución expresa sobre o acceso, valorando de forma motivada, a existencia, de ser o caso, de límites na concesión do acceso, ou a necesidade de dissociar a información.

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, debe lembrarse que, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a Administración ten obriga de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar para retroacción, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data 5 de novembro de 2019, contra a desestimación por silencio Administración da súa solicitude de acceso á información presentada ante a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia e contra a comunicación da Secretaría Xeral de Emprego da súa solicitude de acceso á información referida a documentos que consten na xestión da Xunta de Galicia e a [REDACTED]

**Segundo:** Instar a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia e á Secretaría Xeral de Emprego, a que, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto, proceda a ditar resolución sobre o acceso, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia e á Secretaría Xeral de Emprego, a que unha vez ditada a resolución, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES	por 76706870F MARIA
FERNANDEZ (R:	DOLORES FERNANDEZ
S6500009C)	(R: S6500009C)
	Fecha: 2020.02.03
	14:28:30 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**